



PLAN DIGITAL

IES JULIO PRIETO NESPEREIRA

[Versión 1.0_10 de xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro.
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.
- 1.3. Breve xustificación do mesmo.
- 1.4. Proceso de elaboración.

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.
- 2.3. Análise DAFO.

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción.
Propostas de mellora (revisión).

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

IES Julio Prieto Nespereira. Rúa do instituto nº1 (32001) Ourense.

Mail: ies.prieto.nespereira@edu.xunta.es

Dirección web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesprietonespereira>

Oferta educativa: ESO, BACHARELATO, FP BÁSICA: Fabricación e Montaxe

O centro conta con 33 membros do profesorado, incluíndo Orientadora, PT e AL con media xornada e 231 alumnos/as. No curso 2021-2022 dispuxemos de 12 unidades.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Julio Prieto Nespereira ten 30 anos e está situado nun suburbio ao norte de Ourense, na zona de A Ponte. Nesta zona -que conta con tres centros públicos de ensino secundario- encóntrase o barrio de O Vinteún, que limita ao este co concello de Coles e ao norte co concello de Amoeiro. O edificio principal de dúas plantas conta con un edificio anexo inaugurado no 2006 onde se imparte FP Básica de fabricación e montaxe. Fronte ás pistas deportivas o IES conta cun polideportivo cuberto.

Os centros adscritos son:

(Públicos)

- CEIP 32008811 Virxe de Covadonga
- CEIP 32000356 Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo de Amoeiro

- CPI 32004118 Antonio Failde de Cambeo, Coles
- CEIP 32010121 Roberto Blanco Torres de A Peroxa
(Concertado)
- CPR 32008665 Plurilingüe Divino Maestro

O plan dixital xunto coa futura solicitude do centro nun programa de innovación educativa (Polos Creativos) supón o máis salientable do Proxecto Educativo do IES Julio Prieto Nespereira para o curso 2022-23.

A implementación e avaliación do PD serán o núcleo central da Programación Xeral Anual do curso 22/23.

1.3. Breve xustificación do mesmo

De acordo co Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación, o centro debe permitir ao alumnado o acceso, dende calquera sitio e en calquer momento, aos entornos virtuales de aprendizaxe, como a aula virtual do instituto.

A consellería de educación promoverá o uso adecuado das TIC na aula e a formación inicial e permanente do profesorado.

O PEC recollerá a estratexia dixital do centro (art.121). O director fomentará a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación e innovación educativa.(art.132-m)

Os centros docentes elaborarán o seu plan dixital no curso académico 2021-2022, según a *disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, e a disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.*

Na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional* se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes para o curso 2021-2022 . O equipo de dinamización do Plan Dixital, formado polo director, xefa de estudos, secretario, vicedirector e o responsable TIC elaborou un Plan Dixital despois de realizado un análise da situación do centro. No que respecta á competencia dixital.

1.4. Proceso de elaboración

A partir das análises para a diagnose de situación SELFIE, no que participou un 100% do equipo directivo, un 84% do profesorado e un 73% do alumnado, unha análise DAFO para fixar os obxectivos e actuacións e un Test de Competencia Dixital Docente no que participou o 86'5% do profesorado elaboráronse as conclusións deste plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro dispón dunha conectividade cableada a Internet Movistar ADSL 3 Mb en tódalas aulas, departamentos e despachos. Dúas infraestruturas de voz. Dispoñemos de 7 puntos wifi na segunda planta e na planta baixa e 5 na primeira.

No IES Julio Prieto Nespereira existen 12 aulas dixitalizadas (con portátil, proxector e Pizarra Dixital Interactiva) un posto de traballo de administración con dous ordenadores, unha biblioteca dotada dun ordenador de xestión co programa Meiga e 3 portátiles de consulta para o alumnado.

Hai 9 ordenadores nos 14 departamentos; 2 portátiles na sala de profesores; 3 ordenadores na conserxería, 3 portátiles nos 2 despachos.

Temos 2 aulas de informática. A AULA DE INFORMÁTICA 1 está dotada pola Xunta con 20 ordenadores. O centro usando os gastos de funcionamento montou 16 ordenadores e a infraestrutura na AULA DE INFORMÁTICA 2.

Precisaríamos 10 ordenadores para a AULA DE INFORMÁTICA 1 e 14 ordenadores para a AULA DE INFORMÁTICA 2 para facer fronte ao aumento de matrícula na materia de TIC en 1º de bacharelato e Tecnoloxía de Dixitalización en 1º e 2º da ESO no curso 2022-23.

A comunidade educativa interactúa na páxina web do

centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesprietonespereira> onde o alumnado pode acceder a aula virtual con contidos actualizados das distintas materias. As familias son informadas e xustifican as faltas a través da aplicación Abalar. O profesorado e o equipo directivo empregan o espazo Abalar para calquera comunicación ou aviso ás familias.

O Instituto non conta cunha persoa destinada á Xestión do mantemento dos equipos e infraestrutura informática do centro. Ante calquera contratempo, contrátase unha persoa externa a non ser que o material sexa dependente da UAC.

No caso de non asistencia ao centro, o alumnado ten á súa disposición na Aula Virtual do centro material elaborado nas distintas materias e cursos

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3'8	3'8	3'8	
	Profesorado		3'7	3'7	3'7	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3'1	3'1	3'1	
	Profesorado		2'8	2'8	2'8	
	Alumnado		3'4	3'4	3'4	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3'7	3'7	3'7	
	Profesorado		3'4	3'4	3'4	
	Alumnado		3'7	3'7	3'7	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4'1	4'1	4'1	
	Profesorado		3'5	3'5	3'5	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3'6	3'6	3'6	
	Profesorado		3'8	3'8	3'8	
	Alumnado		3'9	3'9	3'9	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3'2	3'2	3'2	
	Profesorado		2'9	2'9	2'9	
	Alumnado		3'3	3'3	3'3	
G- Prácticas de	Equipo Direct.		2'4	2'4	2'4	
	Profesorado		2'5	2'5	2'5	
	Alumnado		2'8	2'8	2'8	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		4	4	4	
	Profesorado		3'4	3'4	3'4	
	Alumnado		3'5	3'5	3'5	

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	22	24	91,7%
PROVISIONAL	5	6	83,3%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO	2	4	50%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66	Integrador/a (B1)	66,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	66,4	Integrador/a (B1)	80,3	<u>Integrador/a (B1)</u>
BAC	65,6	Integrador/a (B1)	79,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
F.P	80,1	Integrador/a (B1)	77,9	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	6,30%
A2	16	50,00%
B1	11	34,40%
B2	2	6,30%
C1	1	3,10%
TOTAL	32	100,10%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.- Un número importante de aulas con pizarra dixital.	1.- Dotación de equipamento tecnolóxico insuficiente para aulas de informática.
	PERSONAL DOCENTE	1.- Disposto a mellorar na súa competencia dixital dentro das súas posibilidades.	1.- Falta de motivación e formación do profesorado nesta temática.
	ALUMNADO	1.- Familiarizado coa Aula Virtual do Centro 2.- Programa de préstamo de ordenadores.	1.- Teñen que ceñirse ao horario escolar, xa que a maioría é alumnado de transporte.
	FAMILIAS	1.- Familiarizadas coa plataforma ABALAR e a web do Centro.	
	OFERTA	1.- Oferta de cursos de formación e as condicións á participación.	1.- Pouca oferta de materias do ámbito tecnolóxico, xa que non se permite impartilas con poucos alumnos
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1.- Aula dixital do centro a pleno rendimento.	1.- Resolución de incidencias técnicas

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.- Dotación de equipamento tecnolóxico.	
	ALUMNADO		1.- Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo
	ANPA	1.- Relación e colaboración coa ANPA.	1.- Escasa participación das familias na ANPA
	CONTORNA		1. Abarca unha dispersión ampla e desigual en canto a medios e posibilidades de participación.
	FAMILIAS	1. Posibilidade de reducir a fenda dixital entre o alumnado, xa que hai alumnos que non teñen internet na casa.	1. Nivel de formación e apoio das familias en relación ao eido dixital.
	OFERTA	1.- Oferta formativa da administración	1.- Formación específica axeitada ás distintas materias.

3. Plan de Acción.

3.1. Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO(C)							
OBXECTIVO 1 (1):	Acadar e usar un futuro espazo físico creativo no centro dotado de equipamento especializado nun contexto de aprendizaxe competencial asociado ao ámbito dixital.					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección e responsable TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Espazo creado e % de departamentos implicados						
Valor de partida (3)	Inexistencia de un espazo específico de polos creativos						
Valor previsto e data (4)	0 60% dos departamentos aporta 2 actividades				Ao remate do curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A01.1:Solitude á Unidade Técnica de o acondicionamento do espazo da antiga vivenda do conserxe	Dirección	Setembro 2022	Unidade Técnica da Consellería		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2:Sollicitar un Programa de Innovación Educativa Polos Creativos	Dirección e responsable TIC	Setembro 2022	Equipamento Orzamento		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3:Aportación de actividades didácticas creativas innovadoras para o seu uso neste espazo	Claustro	Xuño	Actividades publicadas na aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)						
1. OBXECTIVO (1):	Realizar un estudo exhaustivo da capacidade e dispoñibilidade do alumnado e familias no ámbito dixital para melloralala.				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección e responsable TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% do alumnado que é capaz de usar o entorno dixital fóra do centro					
Valor de partida (3)	30% de alumnado con problemas de dispoñibilidade e acceso ao ensino virtual					
Valor previsto e data (4)	0 10% do alumnado non pode ou sabe usar o entorno virtual					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Elaboración e realización dunha enquisa detallada	TITORES/AS	1º TRIMESTRE	Enquisa. SELFIE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: programa de préstamo de ordenadores	Dirección	Outubro	Ordenadores préstamo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Aproveitamento da materia Tecnoloxía e Dixitalización para afondar no uso AV do centro.	Profesorado tecnoloxía e TICs	Xuño	Equipamento da aula informática 2		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Liderado (A)							
2. OBXECTIVO (1):	Favorecer e promover o uso da Aula Virtual e divulgar cursos e experiencias para a mellora da competencia dixital docente					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de cursos e profesores implicados						
Valor de partida (3)	10 de profesores implicados en 1 curso de mellora da competencia dixital no curso 2021-22						
Valor previsto e data (4)	20 de profesores implicados en 1 curso de mellora da competencia dixital no curso 2022-23						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A01.1: Crear un foro na AV do centro para intercambiar experiencias e inqedanzas	Persona coordinadora das TIC	1º trimestre	Aula Virtual do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Convocar a través do PFPP un curso sobre o uso da Aula Virtual para mellorar a competencia dixital.	Dirección	2º trimestre	Convocatoria do PFPP, CAFI		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Implementar o Espazo de Polos Creativos do centro e a AV como repositorio de actividades creativas competenciales	Dirección	3º trimestre	Actividades publicadas na Aula Virtual do centro.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Precisamos equipar urxentemente a Aula de Informática 2 con 14 ordenadores e completar a Aula de Informática 1 con 10 ordenadores repectivamente para poder facer fronte a atención do alumnado en TIC BACHARELATO e TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 1º e 2º ESO.

4. Avaliación do plan

4.1

Realizarase dúas valoracións:

Unha avaliación procesual onde os aspectos a valorar serán: o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

A súa realización será, como mínimo, ao final de cada trimestre.

Unha avaliación final onde se valorará se se acales propostas de mellora ao final do curso 2022-23.

5. Difusión do plan

Difundirase na páxina web do centro e nas distintas Comisións Pedagóxicas.

